

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO LOXÍSTICO INTEGRAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 13 de setembro de 2023, coa Consellería de Sanidade e a Axencia Galega de Sangue Órganos e Tecidos o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o momento no que se extinga o contrato previsto na súa cláusula primeira, sen prexuízo das posibles prórrogas que se acorden e instrumenten a través dunha addenda a este convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, para o financiamento conxunto da contratación do servizo loxístico integral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

De conformidade co artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, que ten entre os seus principios reitores a cooperación intersectorial, a integración funcional dos recursos apostando por fórmulas colaborativas, a calidade dos servizos e a mellora continua, así como a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do sistema e a procura da suficiencia de recursos.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008,

do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Lei 1/2018, do 2 de abril, modificou a citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, establecendo na súa Disposición transitoria primeira (ordenación territorial transitoria) que en tanto non se desenvolvera regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia prevista na lei, o ámbito xeográfico de las áreas, distritos e zonas sanitarias respectaría e tería en conta as estruturas organizativas de xestión integrada. Estas estruturas foron implantadas a través do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, como instrumento de organización, sen personalidade xurídica, no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, para asumir con autonomía funcional, de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

Posteriormente, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de saúde de Galicia, establece as sete áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, como estruturas organizativas sen personalidade xurídica que xestionan, con autonomía funcional e de xeito integrado a xestión dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, nos seus respectivos ámbitos territoriais.

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) creouse polo Decreto 142/2015, do 17 de setembro, como unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Axencia está adscrita á Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

Esta entidade ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes da mesma.

A Axencia é a entidade pública instrumental, medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, responsable na Comunidade Autónoma de Galicia da excelente aplicación da normativa e



políticas públicas de hemoterapia, transplantes e tecidos da Unión Europea e do Goberno de España baixo os principios reitores do altruísmo, voluntariedade e solidariedade.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándoos de forma mais eficiente.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, e que, neste caso, se concretan neste convenio.

Doutra banda, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no artigo 15, baixo ou epígrafe *"acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común"* sinala no seu apartado 1 que *"os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común"*. Segundo o apartado 3 deste artigo *"cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior"*.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa orzamentaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

Dende xuño de 2013 o Servizo Galego de Saúde dispón dun servizo de loxística integral que lle permite unificar parámetros propios de xestión de actividade loxística, controlar a calidade do servizo, controlar e optimizar o volume de existencias tanto en almacén central como en periféricos así como optimizar a superficie dispoñible nos centros. En definitiva, mellorar a eficiencia operativa do servizo loxístico, reducindo o seu custo e o valor dos seus stocks.

O servizo consiste na posta a disposición, dotación e operación dunha Plataforma Loxística de uso exclusivo, que xestione todas as mercancías, produtos sanitarios, non sanitarios e produtos farmacéuticos que se lle asignen.

Nestes dez anos de contrato tamén se dotou de equipamento ás principais unidades de consumo. Este equipamento, unha vez rematado o contrato actualmente vixente, pasará a ser



propiedade do Servizo Galego de Saúde, sendo necesario o seu mantemento e actualización.

Por tal motivo, e coa fin de continuar dispoñendo dun servizo que permita manter, estender e mellorar a eficiencia operativa do servizo loxístico actual, as partes están interesadas en levar a cabo, a través do Servizo Galego de Saúde, a posterior licitación e contratación do servizo loxístico integral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

